



Ref.: OT-20-007
Asunto: PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EÓLICO CUNCA
Promotor: GREENALIA POWER, S.L.U
Trámite: Informe previsto no artigo 33.5 da Lei 8/2009
Situación: Vila de Cruces (PO)

A Dirección Xeral de Enerxía e Minas remite documentación do proxecto sectorial de referencia e solicita o informe previsto no artigo 33.5 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o fondo de compensación ambiental* (Lei 8/2009).

Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a competencia na materia obxecto do informe, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Logo de analizar a documentación achegada en formato dixital, integrada polo documento “*PROYECTO SECTORIAL DEL PARQUE EÓLICO “CUNCA”, EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)*” datado en febreiro de 2019 e asinado polo enxeñeiro industrial Eloy Prada Hervella (colexiado Núm. 1898), e á vista da proposta realizada pola Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio, emítese o seguinte informe:

1. ANTECEDENTES E DESCRICIÓN DO PROXECTO

1.1. O parque, de 22,5 MW de potencia total instalada, sitúase no concello de Vila de Cruces na provincia de Pontevedra, na ADE denominada Mirón-Seixas delimitada no Plan Sectorial Eólico de Galicia aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 05/12/2002 (PSEGA).

1.2. Consta de 5 aeroxeneradores (CU01 a CU05) de 4,5 MW, 127,5 m de altura de torre e 145 m de diámetro de rotor, unha torre de medición, un edificio de control e subestación e a infraestrutura asociada ao parque (acceso dende a estrada PO-260 e dous viarios internos e as liñas eléctricas soterradas de interconexión entre os elementos da instalación). Tamén se inclúe a liña eléctrica soterrada para evacuar a enerxía xerada no parque que vai dende o centro colector ata a futura subestación do Parque eólico Cunca prevista nas proximidades.

2. DISTANCIAS ÁS DELIMITACIÓNS DE SOLO DE NÚCLEO RURAL, SOLO URBANO E URBANIZABLE

2.1. Logo de comprobar o planeamento vixente no concello afectado (Normas Subsidiarias de Planeamento municipal aprobado definitivamente o 12/02/1993) e as coordenadas UTM ETRS 89 Fuso 29 recollidas no apartado 3.1 da memoria posicións dos 5 aeroxeneradores, conclúese que todas as posicións cumpren a distancia mínima de 500m regulada no punto 3.1 do PSEGA respecto das delimitacións dos núcleos rurais, solo urbano e solo urbanizable.

3. INFORMES SECTORIAIS PRECEPTIVOS

3.1. Unha vez analizadas as afeccións que concorren no ámbito así como a normativa sectorial en vigor, indícanse os informes sectoriais preceptivos que, cando menos, deberán constar nos expediente do proxecto sectorial con sentido favorable, sen prexuízo de que os organismos responsables da súa emisión sexan tamén consultados na avaliación ambiental do proxecto:





- Patrimonio cultural: segundo o artigo 34.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.
- Montes: segundo o artigo 66 da Lei 7/2012 de montes de Galicia.
- Planificación hidrolóxica, afección ao dominio hidráulico e suficiencia de recursos hídricos (Hidrográfica Galicia-Costa): segundo o artigo 39 da Lei 9/2010, da Lei de augas de Galicia e o artigo 25.4 do Real Decreto Legislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas estatal.
- Competencias estatais (Delegación do Goberno): segundo a disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.
- Telecomunicacións: segundo o artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.
- Afeccións a minaría (Dirección Xeral de Enerxía e Minas): segundo o artigo 14 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
- Estradas de Galicia (Pola afección da estrada PO-960): segundo o artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e o artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Unha vez completado o expediente cos informes sectoriais indicados remitirase de novo a esta Dirección Xeral xunto co proxecto sectorial para o seu informe previo á aprobación definitiva polo Consello da Xunta, segundo o artigo 13.3 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Engadirase unha serie de planos nos que se superpoña a ordenación proposta polo proxecto sectorial sobre a cartografía do Plan básico autonómico (<http://mapas.xunta.gal/visores/descargas-pba/>).

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
(P.S. Resolución de 14.04.2020)
O subdirector xeral de Urbanismo
Eduardo Sobrino Rodríguez

